



11 F E B R E I R O D O 2 0 1 0 - N Ú M E R O 8 1 2

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Mulheres x Mulheres


“Denuncia dos numerosos esquecementos conscientes. Reivindicación dos protagonismos gañados a pulso”. É o cerne da exposición ‘MulleresXMulleres’, organizada polo Concello da Coruña co obxectivo de dar visibilidade tanto a un grupo de 17 artistas galegas ou residentes en Galicia como ás mulleres que escolleron para dedicarlles unha obra orixinal concibida para a mostra: figuras relevantes, recoñecidas ou ignoradas, da literatura, da pintura, da filosofía, da escultura, da música, da política, do activismo social ou, simplemente, da artesanía e do traballo do día a día. A exposición, aberta en febreiro, permanecerá na Casa da Cultura Salvador de Madariaga da Coruña até o vindeiro día 21. Despois, trasladarase a Compostela e a Vigo. “Convocamos unha serie de artistas que xa participaran o ano pasado noutra mostra, sobre Rosalía. Engadimos algunha máis, e propuxémoslles que fixesen unha obra:

MulleresX Mulleres

unha pintura, unha escultura, unha fotografía, unha instalación... sobre mulleres ás que elas admirasen, que para elas significasen algo. Mulleres que loitaron por estar no mundo e por facer que o mundo fose mellor”, explicou a comisaria da mostra, Pepa Cerviño. As artistas, –moitas delas multiartistas– convidadas son Ánxeles Penas, poeta, escultora e gravadora; Anne Heyvaert, gravadora; Julia Ares, esmaltista; Dorda, especialista en litografía e serigrafía; Yolanda Ferrer, fotógrafa; Soledad Penalta, ceramista; Isabel Pintado, debuxante e gravadora; Emilia Salgueiro, pintora e escultora e as pintoras Carmen Senande, Aurichu Pereira, Fina Mantiñán, Berta Ares, Gosia Trebacz, Luisa Valdés, Dolores Gálvez, Cruz Pérez e Soledad Pite.

Berta Ares-Blanca Leonor VArela
Julia Ares-Lidia Cacho
Gosia Trebacz-Sofía Casanova
Isabel Pintado-María Casares
Carmen Senande-Malalai Joya
Soledad Penalta-Maruja Mallo
Cruz Pérez Rubido-María Callas
Luísa Valdés-Muller traballadora
Emilia Salgueiro-Lola de Penelas
Fina Mantiñán-Camille Claudel

Dorda-Frida Kahlo
Dolores Gálvez-Virginia Woolf
Anne Heyvaert-Artemisia Gentileschi
Aurichu Pereira-Mimina Arias
Yolanda Ferrer-Anna Ferrer
Soledad Piter-María Zambrano
Ánxeles Penas-Rosalía de Castro



“Do mar pola orela mireina pasar”

Non sei se é tempo de cantar,
quixera
poner froles de luz na túa mágoa,
nesa queixa tan vella que é este río
que se escoa no mar e que nos leva
Non sei se é tempo de cantar,
quixera
poñer froles de luz na nosa mágoa
de estadeas longuísimas que aboian
no aire criminal das praias mortas:
mortas de amor, de soidade mortas

Non teño hortos dabondo onde encetare
ese canto coral que nos redima,
aínda que abonden soños, sobre azas,
sobren berros no peito que doarche
Pois xa do Miño en soidade amena
ou do Sar rumoroso, Rosalía,
non voltarei a estar e se estivera
hai un desterro en min que non comprendo,
hai un alleo en min que non acouga,
ihai tanta orela núa,
tanta auga dun borrallento mar que nos devora...!

E o que escoito son voces de aluminio ferindo a raia do solpor:
estalan, excipientes das rúas da cidade, coma chíos pantasma,
van cara o mar cal estreliñas duras, cal celentéreos duros e espiñentos
e férennos a gorxa e aguilloan os ollos
que debullan
invisíbeis salgueiros sobre a auga

E este é o cantar que vai no bico agora:
este é o canto coral de folla-lata
que loita coas antífonas do vento
que de nena escoitei,
que ti escoitaras
como distantes ecos da música de Deus:
esa inocencia
E esta é a estrela que vai na fronte agora,
Este frío neon que non aluma,

Mais que lostrega a alma até cegala